


CARACTERÍSTICAS DO PARO REXISTRADO NA COMARCA TERRA DE SONEIRA. Ano 2004

O desemprego rexistrado na Comarca de Terra de Soneira no ano 2004 foi do 1.78 % **do desemprego rexistrado na provincia.**

Atendendo á demanda de emprego por concellos, inscritos en decembro do 2004, Vimianzo conta cun 41.28 % dos inscritos na comarca, Camariñas cun 32.27 % e Zas cun 26.45%

O desemprego comarcal segundo a idade e o sexo

O paro da comarca non segue a mesma tendencia todo o ano segundo o sexo, así diminúe entre os homes no segundo e terceiro trimestres para aumentar no derradeiro trimestre do ano. En canto ás mulleres o número de desempregadas aumenta no segundo trimestre para diminuír no terceiro e aumentar novamente no último trimestre do ano.



En canto a porcentaxes a maior diferenza entre homes e mulleres se observa no segundo trimestre do ano, no caso das mulleres acada unha media porcentual do 57.35 % fronte ó 42.65 % de desemprego masculino. A media trimestral delas foi de 592 paradas,

maior número que a media do ano anterior (527). Os homes desempregados presentan unha media de 494 desempregados, superior ós 460 do ano 2003.


Cadro nº1: DESEMPREGADOS POR SEXO

2008	Homes	Mulleres	TOTAL	PROVINCIA
Primeiro	534	577	1111	64978
Segundo	444	597	1041	59066
Terceiro	439	564	1003	56141
Cuarto	558	629	1187	63878

Cadro nº 2: DESEMPREGO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25-35 anos	36-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	150	302	224	215	220	1111
SEGUNDO	148	276	212	179	226	1041
TERCEIRO	115	264	209	181	234	1003
CUARTO	131	323	253	222	258	1187

Se facemos tres grandes grupos de idade tendo en conta os menores de 25 anos., os de 25 – 44 anos e os maiores de 45 observamos que o maior porcentaxe de desempregados se sitúa no grupo de entre 25 – 44 anos cunha media do 47.46 %. Os parados maiores de 45 anos teñen tamén unha presenza moi significativa, cun 39.91 % de media do paro rexistrado. Por outra banda, os menores de vinte e cinco anos acadaron de media un 12.63 % do desemprego comarcal.




Cadro nº3: DESEMPREGO FEMININO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25-35 anos	36-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	96	183	136	92	70	577
SEGUNDO	97	187	143	91	79	597
TERCEIRO	82	171	142	85	84	564
CUARTO	83	195	162	106	83	629

Cadro nº 4: DESEMPREGO MASCULINO POR GRUPOS DE IDADE


	- 25 anos	25-35 anos	36-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	54	119	88	123	150	534
SEGUNDO	51	89	69	88	147	444
TERCEIRO	33	93	67	96	150	439
CUARTO	48	128	91	116	175	558



O **paro feminino** caracterízase por ser superior en porcentaxe ó paro masculino en tódolos grupos de idade agás entre os maiores de 45 anos no que os homes desempregados superan ás mulleres. Isto probablemente sexa debido a que a poboación activa é moi

superior en homes respecto das mulleres que buscan traballo nesta franxa de idade. A franxa na que se sitúan a maioría das mulleres desempregadas sería no grupo de 25 - 44 anos.

Os maiores porcentaxes de **homes** desempregados sitúanse no grupo de maiores de 45 anos, seguido do grupo de 25 -44 anos. Os períodos de descenso do paro afectan especialmente ó grupo de 25 - 35 anos e ó grupo de 45 a 54 anos.



O nivel de instrución e desemprego


O nivel de instrución dos demandantes de emprego é moi baixo. Atopamos unha media dun 59.63 % de desempregados que non teñen rematada a ensinanza obrigatoria. Un 27.93 % posúen soamente a ensinanza obrigatoria e só un 2.30 % de demandantes de emprego contan cunha titulación universitaria.

Cadro nº5: DESEMPREGO POR NIVEL DE INSTRUCIÓN

	PRIMEIRO	SEGUNDO	TERCEIRO	CUARTO
OUTRAS TITULACIÓNS	12	18	10	14
UNIVERSITARIOS	25	23	22	31
BUP/BACHAREL SUPERIOR/COU	28	27	25	34
FORMACIÓN PROFESIONAL	72	69	61	67
ENSINANZA OBRIGATORIA	292	288	283	351
ATA CERTIFICADO ESCOLARIDADE *	682	616	602	690
TOTAL	1111	1041	1003	1187

* Inclúe certificado de escolaridade, primarios sen certificado e sen estudos.

A situación en relación coa provincia é claramente desvantaxosa para a Terra de Soneira.




O desemprego por sectores económicos


Cadro nº6: DESEMPREGO POR SECTORES ECONÓMICOS

	1º		2º		3º		4º	
	T	%	T	%	T	%	T	%
AGRIC/PESCA	65	5.85	49	4.71	49	4.89	50	4.21
INDUSTRIA	197	17.73	194	18.64	208	20.74	213	17.94
ELECTRICIDADE	1	0.09	2	0.19	1	0.10	2	0.17
CONSTRUCCIÓN	306	25.74	249	23.92	252	25.12	320	26.96
COMER/HOST	144	12.96	144	13.83	138	13.76	185	15.59
TRANS/COMUNIC	14	1.26	20	1.92	21	2.09	25	2.11
OUTROS SERVIZOS	228	20.52	226	21.71	191	19.04	251	21.15
TOTAL CON EMP ANT	955	85.96	884	84.92	860	85.74	1046	88.12
TOTAL SEN EMP ANT	156	14.04	157	15.08	143	14.26	141	11.88
TOTAL COMARCA	1111	100	1041	100	1003	100	1187	100


Máis do 86 % dos desempregados da Terra de Soneira son traballadores con experiencia profesional e menos dun 14 % é demandante do seu primeiro emprego. Respecto do mesmo período no ano anterior houbo unha diferenza de 6 puntos en ambos porcentaxes xa que os que buscaban o seu primeiro emprego eran o 20 % mentres que os que xa tiveran un emprego anterior supoñían o 80 %. Durante o segundo trimestre do 2004 obsérvase un aumento no porcentaxe de parados e paradas que buscan o primeiro emprego para volver descender no terceiro e cuarto. Este aumento no segundo trimestre está probablemente motivado polo aumento no número de demandantes que se anotan na oficina de emprego para traballa-los meses de verán.



Os sectores con maior cantidade de desempregados son a construción, a industria, os outros servizos e comercio / hostalería. Atendendo á evolución por trimestres, observamos a tendencia xeral de diminución do número de parados no segundo e terceiro trimestre para aumentar de novo no derradeiro trimestre do ano.




No segundo trimestre os maiores descensos danse nos sectores agricultura / pesca e na construción. No terceiro destacan os descensos de comercio / hostalería e outros servizos. No derradeiro trimestre do ano aumenta o número de desempregados en tódolos sectores e só no sector agricultura / pesca rematan o ano con menor número de persoas paradas con respecto ó inicio do ano.



A contratación na comarca por sectores económicos

Cadro nº 7: CONTRATACIÓN POR TRIMESTRE E SECTOR ECONÓMICO

	1ºTRIMESTRE			2º TRIMESTRE			3ºTRIMESTRE			4ºTRIMESTRE		
	H	M	T	H	M	T	H	M	T	H	M	T
AGRIC/PESCA	87.50	12.50	40	86.81	13.19	91	81.03	18.97	58	87.18	12.82	39
INDUSTRIA	19.05	80.95	189	24.07	75.93	241	32.68	67.32	153	35.92	64.08	103
ELECTRICIDADE	0.00	0.00	0	0.00	0.00	0	0.00	0.00	0	0.00	0.00	0
CONSTRUCCIÓN	83.82	16.18	204	97.33	2.67	150	93.53	6.47	170	92.19	7.81	128
COMER/HOST	38.71	61.29	93	19.69	80.31	127	28.66	71.34	157	37.70	62.30	122
TRANS/COMUNIC	66.67	33.33	9	80.00	20.00	5	75.86	24.14	29	77.78	22.22	9
OUTROS SERV	22.35	77.65	85	71.70	28.30	106	53.98	46.02	226	33.80	66.20	71
TOTAL	48.87	51.13	620	53.89	46.11	720	56.12	43.88	793	56.36	43.64	472




No gráfico da evolución da contratación por sectores económicos obsérvase que a contratación aumenta no segundo trimestre en tódolos sectores agás construción e transporte e comunicacións. No terceiro trimestre descende en agricultura/pesca e industria para

aumentar nos restantes sectores, é dicir, construción, comercio/hostalería, transporte/comunicacións e outros servizos. No cuarto trimestre descende significativamente o número de contratos respecto do trimestre anterior en tódolos sectores, especialmente na construción e outros servizos.


Na contratación que se efectúa na comarca destaca o seu carácter maioritariamente masculino, máis dun 53%. sobre todo nos sectores tradicionais como a construción, transporte/comunicacións e aínda no sector primario. O maior porcentaxe de contratos no caso das mulleres dáse nos sectores da industria, comercio/hostalería e outros servizos.

Se avaliamos a contratación por trimestres vemos que só no primeiro trimestre as contratacións femininas superan o número de contratos masculinos, a medida que vai avanzando o ano atopamos un descenso paulatino no porcentaxe de contratacións femininas e, polo tanto un aumento, nas contratacións masculinas.


Evolución da contratación




No primeiro trimestre son sectores fortemente masculinizados a agricultura/pesca, a construción e o sector de transporte/comunicacións. A maioría da contratación feminina prodúcese no comercio/hostalería, algo máis do 71 % do sector, e na industria.



No segundo trimestre tanto homes coma mulleres son contratados en tódolos sectores, aínda que no sector comercio / hostalería o porcentaxe é moi superior en canto a contratación feminina, seguido do sector industria. O sector doutros servizos sofre unha notable redución da contratación feminina respecto ó trimestre anterior.



O número de contratos femininos continúa o seu descenso neste terceiro trimestre, só se supera a metade dos contratos na industria e no comercio / hostalería. Auméntase o porcentaxe no sector primario, que aínda que continúa a ser moi inferior con relación ós homes acada as mellores cifras neste terceiro trimestre.



Como se pode observar, neste cuarto trimestre é onde o porcentaxe de contratación feminina é o máis baixo respecto da contratación masculina. Chama especialmente a atención o descenso no número de contratos femininos no sector industria que aínda que feminizado perde peso con respecto ós trimestre anteriores.

As ofertas e as demandas de contratación.


Cadro nº 8: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NA COMARCA

	1º Trimestre		2º Trimestre *		3º Trimestre *		4º Trimestre *	
	T	%	T	%	T	%	T	%
MODISTA / O	120	19.35	229	17.09	286	13.41	301	11.55
ALBANEL	73	11.77	130	9.70	182	8.53	225	8.64
PEÓN DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	32	5.16	49	3.66	72	3.38	83	3.19
PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS, EN XERAL	30	4.84	33	2.46				
PEÓN DA IND.MANUFACTUREIRA, EN XERAL	27	4.35	59	4.40	126	5.91	145	5.57
COSEDOR Á MAN/MAQ.DOMÉSTICA, EN XERAL	20	3.23						
DEPENDENTE DE COMERCIO, EN XERAL	15	2.42			41	1.92		
OPERADOR DE MÁQ. PASADORAS DE FERRO DE ROUPA	15	2.42						
CONDUTOR DE CAMIÓN, EN XERAL	14	2.26	29	2.16	45	2.11	64	2.46
CAMAREIRO, EN XERAL	13	2.10			46	2.16	59	2.26
MARIÑEIRO DE PESCA			70	5.22	81	3.80	95	3.65
MÚSICO INSTRUMENTISTA, EN XERAL			57	4.25	99	4.64	101	3.88
PEÓN DA IND. TÉXTIL			36	2.69				
OPER. MÁQUINA IND. COSER Á PLANA			33	2.46			64	2.46
MARIÑEIRO DE CUBERTA, EXCEPTO PESCA					47	2.20		
ASISTENTE DOMICILIARIO (AUX. AXUDA A DOMICILIO)							61	2.34

*Os datos inclúen ós trimestres anteriores.

Entre as ocupacións máis contratadas atopamos catro grupos:


1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres: modista/o, albanel, peón da construción de edificios, peón da industria manufactureira, e condutor de camión.
2. Ocupacións que se incrementan considerablemente no segundo ou terceiro trimestre: camareiro, en xeral; mariñeiro de pesca e músico instrumentista
3. Ocupacións que aparecen en 2 trimestres do ano: peón de obras públicas, en xeral; dependente de comercio, en xeral; operador de máquina industrial de coser á plana.
4. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: cosedor a man/ máquina doméstica, en xeral; operador de máquinas pasadoras de ferro de roupa; peón da industria téxtil; mariñeiro de cuberta, excepto pesca; asistente domiciliario.



Cadro nº 9: OCUPACIÓNS MAIS OFERTADAS NO SGC


	1º Trimestre		2º Trimestre*		3º Trimestre*		4º Trimestre*	
	T	%	T	%	T	%	T	%
ALBANEL	5	14.29	9	10.47	22	12.64	22	10.19
CAMAREIRO – BARMAN	5	14.29	11	12.79	11	6.32	16	7.41
PEÓN DE ALBANEL/PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS	4	11.43	7	8.14	7	4.02	7	3.24
CONDUCTOR – OPERADOR MAQUINARIA EXPLANACIÓN	2	5.71	2	2.33				
EMPREGADO /A DO FOGAR	2	5.71	2	2.33				
ENCARGADO DE OBRA	2	5.71						
MARMORISTA	2	5.71						
PINTOR / COLORISTA	2	5.71						
SOLDADOR	2	5.71			5	2.87	5	2.31
AXUDANTE DE ALBANEL	1	2.86						
TÉCNICO EN PROTECC. CIVIL/SOCORRISTA NON ACUÁTICO			10	11.63	10	5.75	10	4.63
MAQUINISTA DE CONFECCIÓN (COSER, BORDAR...)			6	6.98	6	3.45	10	4.63
COLOCADOR DE LOUSA			3	3.49	3	1.72		
XESEIRO			3	3.49				
CARPINTEIRO METÁLICO DE ACEIRO			2	2.33				
TRABALLADOR ESPAZOS NATURAIS					31	17.82	31	14.35
CANTEIRO					6	3.45	6	2.78
OPERARIO DE MAQUINARIA DE MOVEMENTO DE TERRAS					5	2.87	5	2.31
ADMINISTRATIVO							4	1.85

*Os datos inclúen ós trimestres anteriores.



Cadro nº 10: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS


	1ºTRIMESTRE		2ºTRIMESTRE		3ºTRIMESTRE		4ºTRIMESTRE	
	T	%	T	%	T	%	T	%
Peón da construción de edificios	158	10.19	126	8.62	114	7.69	151	9.62
Muller / mozo limpeza	153	9.87	151	10.34	155	10.46	157	10.01
Albanel	114	7.35	96	6.57	89	6.01	112	7.14
Peón ind.aliment.bebidas e tabaco	88	5.68	62	4.24	115	7.76	74	4.72
Peón ind.manufactureira, xeral	78	5.03	79	5.41	63	4.25	67	4.27
Empregado administrativo, en xeral	67	4.32	63	4.31	68	4.59	75	4.78
Dependente de comercio, en xeral	65	4.19	80	5.48	70	4.72	75	4.78
Camareiro, en xeral	45	2.90	41	2.81	43	2.90	43	2.74
Modista / o	44	2.84	49	3.35	46	3.10	50	3.19
Cociñeiro, en xeral	41	2.65	46	3.15	49	3.31		
Operador máquina.ind.coser á plana							41	2.61



Da comparación entre os datos sobre ocupacións máis ofertadas, contratadas e demandadas polos desempregados, atopamos as seguintes relacións:

Por unha banda a relación entre oferta e contratación amósanos que o mercado laboral contrata un número maior de traballadores a través de mecanismos distintos ó SGC aínda que están a aumentar o número de ofertas na comarca a través dos Centros Colaboradores.

Finalmente, non hai correspondencia entre as ocupacións máis contratadas a as máis demandadas polos parados, como amosa o gráfico seguinte realizado en base ás 10 ocupacións máis contratadas e demandadas polos desempregados no ano 2004.



Da análise das 10 ocupacións máis contratadas na comarca en cada trimestre teríamos a finais de ano 12 ocupacións destacadas. As demandas dos desempregados coinciden con SETE destas 12 ocupacións máis contratadas no ano 2004. Atópase unha menor demanda en ocupacións con maior numero de contratacións tales como: modista, albanel, peón da industria manufactureira, operador de máquina industrial de coser á plana e camareiro, en xeral. E por outra banda encontramos maior demanda dos desempregados e desempregadas en ocupacións con pouca contratación tales como peón da construción de edificios, dependente de comercio e muller – mozo de limpeza ou que non aparecen entre as máis contratadas como: peón da industria alimentaria e empregado administrativo.

Finalmente atopamos ocupacións con contratación que no se atopan entre as máis demandadas polos parados e paradas: músico instrumentista, mariñeiro de pesca, condutor de camiión, asistente domiciliario e mariñeiro de cuberta..



Concello de Camariñas
A Coruña



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



De todo isto se conclúe que é necesaria unha orientación que mellore a relación entre os recursos humanos e as necesidades do mercado laboral a través de mecanismos informativos e formativos que equilibren recursos e necesidades.